

## Algas

*“Contra o mediodía, chegamos á beira da fraga de “Crespo” do capitán Nemo; tratábase dunha concentración de algas impresionantes, duns trinta metros de alto, que ondeaban na espesura líquida a modo de xigantescos salgueiros. Fixándome na ollada de Conseil, que se percibía por detrás do portelo do seu escafandro, crin albiscar, como un reflexo dos meus propios trazos, o marabillado que estaba con esta visita.” As viaxes fantásticas de Jules Verne*



As algas son organismos eucariotas e autótrofos. Poden ser unicelulares, como as diatomeas, ou pluricelulares. Neste último caso todas as células da alga terán unha forma e un funcionamento similar polo que non forman tecidos.

Agochadas baixo as augas, as algas teñen un papel fundamental na produción de osíxeno e na eliminación do dióxido de carbono. Nas zonas nas que os océanos acadan máis profundidade as algas unicelulares viven na superficie, xa que precisan da luz solar para facer a fotosíntese, formando o fitoplacton. Nas zonas costeiras as algas pluricelulares tapizan os fondos mariños ata a profundidade que alcanza a luz, proporcionando alimento ao resto dos organismos mariños.

Galicia ten unha enorme diversidade de algas mariñas que se clasifican segundo a súa cor en:

### Algas verdes

Deben a súa cor á clorofila pero, igual que sucede coas plantas verdes, iso non significa que este sexa o único pigmento que posúen. Os pigmentos fotosintéticos presentes nun organismo poden observarse mediante unha técnica chamada cromatografía. (Como facer unha cromatografía en papel sen demasiado material. [Comproba o resultado](#))

Hai dous xéneros de algas verdes que son moi frecuentes nas costas galegas:

- ✓ Codium. Con talos cilíndricos. O exemplar que tan atentamente mira o peixe é o *Codium tomentosum*.
- ✓ Ulva, a leituga de mar. Como moitas outras algas pódese comer.



### Algas vermellas

A cor débese a que predomina un pigmento de cor vermella. Son o grupo máis diverso de algas no Atlántico aínda que normalmente non acadan grandes tamaños. As menos aparentes aparecen tapizando as rochas, son as algas incrustantes. Algunhas algas vermellas frecuentes en Galicia son:

- ✓ Musgo de Irlanda. *Chondrus crispus*.



- ✓ Gelidium.



### Algas pardas

Con outro pigmento maioritario, inclúen algunhas das algas máis rechamantes do noso litoral.

Entre as algas pardas das nosas costas destacan:

- ✓ Laminaria. A alga que envolve o polbo na imaxe da esquerda. Forma bosques con exemplares de varios metros de alto.
- ✓ Fucus. Moi frecuente e recoñecible. O exemplar da esquerda, da especie *Fucus vesiculosus*, mostra unha especialización peculiar destas algas. Trátase de vesículas de ar que lle permiten flotar e, desa forma, alcanzar a luz solar.



Wbartoszy, [Dominio público](#)

([Por se alguén quere saber máis das súas algas](#))

## Algas

As algas poden reproducirse sexual e asexualmente. Na imaxe da dereita podes ver como cos temporais do inverno as laminarias rompen, rematando como argazo nas praias. Pero a alga non morre senón que volve a crecer a partir dun anaco que quedou firmemente agarrado á rocha. É unha forma de reprodución asexual.



As algas empregáronse en Galicia como abono dende tempo inmemorial, era o argazo que se apañaba na costa para despois distribuílo sobre a terra de cultivo. A este uso sumouse recentemente unha floreciente industria de recolección e transformación de algas para consumo humano e para a elaboración de moitos tipos distintos de produtos.

Entre as algas máis frecuentes nas costas galegas hai unha especie invasora, *Sargassum muticum*. Busca información sobre esta alga:

- De onde é orixinaria?
- Como chegou ás costas de Galicia?
- En que costas galegas podemos atopalas?
- Que problemas está provocando esta alga?
- Busca cinco exemplos máis de bioinvasións que esteamos sufrindo en Galicia.